

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 26 DE MAIO DE 2026

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE EN FUNCIONS:

Don Alberte Lamazares Casero

CONCELLEIRAS:

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e seis de maio de dous mil vinte e seis, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente en funcións Don Alberte Lamazares Casero, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as trece horas trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 21 de maio de 2026, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- APROBACIÓN DE PROXECTO TÉCNICO DE OBRA

Consta nas dependencias municipais o seguinte proxecto técnico redactado por orde da Alcaldía:

Proxecto técnico da obra de “REFORZO OU REPARACIÓN DE FIRMES E RECUPERACIÓN DO PAVIMENTO EN VARIOS CAMIÑOS SITUADOS NAS PARROQUIAS DA PORTELA, CAMBA, SAN SALVADOR DE CAMBA E SAN MARTIÑO DE ASPERELO”, redactado pola enxeñeira de camiños, canais e portos Dona Ana María García Mayo, con data maio de

2026, cun importe global de DOUSCENTOS TRES MIL NOVECENTOS SETENTA E SEIS EUROS CON NOVENTA E OITO CÉNTIMOS (203.976,98 €), IVE incluído, desagregado nos seguintes conceptos:

✓ Execución por contrata:	189.634,85 €
✓ Honorarios de proxecto:	6.374,28 €
✓ Honorarios de dirección de obra:	6.374,28 €
✓ Honorarios de coordinación de seguridade e saúde:	1.593,57 €

Considerando que o proxecto citado atópase debidamente redactado e que dispón do informe favorable, emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, con data 26/05/26, respecto do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor, aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), e de conformidade co disposto no artigo 231.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda aprobar o proxecto técnico anteriormente especificado, condicionado á obtención das autorizacións sectoriais pertinentes segundo o informado polo técnico municipal.

3.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA AO ABEIRO DO PLAN EXTRAORDINARIO VÍA DEPO

O Sr. alcalde en funcións informa ás Sras. concelleiras asistentes da Bases reguladoras e convocatoria do Plan Extraordinario Vía Depo, publicadas no BOP núm. 79, correspondente ao día 28 de abril de 2026 e a conveniencia de solicitar a inclusión en dito Plan a pavimentación e reforzo de firmes de varias vías de comunicación de titularidade municipal, en concreto o camiño de Coreixas-Lamazares e os accesos aos lugares de Barrio (San Martiño de Asperelo) e Melide (San Salvador de Camba). O Concello ten asignada a cantidade de 189.634,85 € no devandito Plan.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Deputación Provincial a seguinte subvención con cargo ao Plan Extraordinario Vía Depo, por importe global de DOUSCENTOS

TRES MIL NOVECENTOS SETENTA E SEIS EUROS CON NOVENTA E OITO CÉNTIMOS (203.976,98 €), IVE incluído, con destino á realización e financiamento do seguinte investimento:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN SOLICITADA	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA OUTRAS ADMINISTRACIÓNS
<i>REFORZO OU REPARACIÓN DE FIRMES E RECUPERACIÓN DO PAVIMENTO EN VARIOS CAMIÑOS SITUADOS NAS PARROQUIAS DA PORTELA, CAMBA, SAN SALVADOR DE CAMBA E SAN MARTIÑO DE ASPERELO</i>	203.976,98 €	189.634,85 €	14.342,13 €	0,00 €

Segundo.- Realizar a finalidade obxecto da subvención solicitada, asumindo o compromiso de cumprir as condicións para iso.

Terceiro.- Comprometerse a comunicarlle á Deputación calquera modificación das circunstancias que foron tidas en conta para o outorgamento da subvención.

Cuarto.- Colaborar no seu financiamento achegando a contía de CATORCE MIL TRESCENTOS CORENTA E DOUS EUROS CON TRECE CÉNTIMOS (14.342,13 €). O órgano que adopta este acordo é competente para comprometer esta achega.

Quinto.- Facultar expresamente a Sr. alcalde para que, na representación legal do Concello que ostenta, asine a correspondente solicitude e canta documentación resulte necesaria para a efectividade do acordado.

4.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN FINAL, LIQUIDACIÓN E ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA DE “PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO MUNICIPAL EN OURÍN – ASPERELO”, INCLUÍDA NO PLAN CAMIÑA RURAL 2025-2026

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación final e liquidación correspondente á obra de “*Pavimentación de camiño municipal en Ourín – Asperelo*”, incluída no Plan Camiña Rural 2025-2026, por importe de DEZ MIL CATROCENTOS NOVENTA E CINCO EUROS CON NOVENTA E UN CÉNTIMOS (10.495,91 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada polo director da obra Don Román Gómez Fraiz.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U., por un importe de 10.495,91 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. OB2026-126 (FACe), de data 21/05/26, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba

Cuarto.- Vista a Acta de recepción da devandita obra, asinada o día 25 de maio de 2026, na que se fai constar que *“as obras realizadas, agás vicios ocultos, atópanse en bo estado, sendo executadas baixo o seguimento do facultativo encargado da súa dirección, cos axustes recollidos no informe final de obra”*, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda prestarlle a súa aprobación e, xa que logo, recibir a devandita obra, contando a partir desta data o prazo de garantía da obra fixado nun ano no prego de condicións, de conformidade co disposto no artigo 243 da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP).

Quinto.- Aprobar o informe final da obra e o certificado de melloras asinados pola dirección facultativa en data 22/05/26.

5.- APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA TOTAL DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL CON CARGO AO PLAN CAMIÑA RURAL 2025-2026

En relación á subvención outorgada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, por resolución de data 23/05/25 e importe total de 81.171,00 €, para a actuación denominada *“Mellora de camiño municipal en Ourín – Asperelo”*, ao abeiro da Resolución do 30 de decembro de 2024 pola que se aproban as bases reguladoras das axudas financiadas ao abeiro do plan Camiña rural para o período 2025-2026 e se convocan as correspondentes ao ano 2025, mediante tramitación anticipada de gasto (DOG núm. 19, do 29/01/25) – Expediente núm. [REDACTED], procede a aprobación

da conta xustificativa total dos gastos correspondentes ás anualidades de 2025 e 2026.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa total da subvención concedida que a continuación se sinala:

- Subvención concedida: 81.171,00 € (sen IVE)
- Gasto realizado:

PROVEDOR	CIF	NÚM. FACTURA	DATA FACTURA	DATA APROBACIÓN	IMPORTE
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	██████	OB2025-426	09/12/2025	10/12/2025	51.258,01 €
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	██████	OB2026-87	17/04/2026	30/04/2026	53.955,68 €
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	██████	OB2026-126	21/05/2026	26/05/2026	10.495,91 €

- Cantidade xustificada: 115.709,60 € (IVE incluído)

Segundo.- Acreditar o cumprimento axeitado da finalidade para a que foi concedida a subvención e poñer a disposición da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, de ser necesario, o resto da documentación relativa ao investimento que se atopa en dependencias municipais.

6.- ADHESIÓN AO CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓNS NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA GALEGO DE VIXILANCIA E CONTROL FRONTE Á AVESPA ASIÁTICA (VESPA VELUTINA) NO ANO 2026

O Sr. alcalde en funcións informa as Sras. concelleiras presentes que a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) asinaron, con data 27 de abril de 2026, un novo convenio para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do programa galego de vixilancia e control fronte á avespa asiática (vespa velutina). Con este novo convenio preténdese establecer o marco para dar

continuidade á execución de forma coordinada do programa en 2026 e así continuar ofrecendo unha solución homoxénea en todas as zonas afectadas que permita a contención e seguimento da vespa velutina, tendo en conta que este insecto afecta principalmente á produción apícola, tendo asemade repercusións sobre a biodiversidade e a seguridade cidadá.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes e de conformidade co establecido na cláusula terceira de dito Convenio, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- A adhesión do Concello de Rodeiro ao Convenio, asinado o día 27 de abril de 2026, entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do programa galego de vixilancia e control fronte á avésa asiática (vespa velutina) no ano 2026.

Segundo.- O Concello adhírese expresamente a todas e cada unha das cláusulas do Convenio antes citado e asume as obrigas derivadas do mesmo, con observancia de todas as súas cláusulas, en particular as referidas ás obrigas e compromisos establecidos para as entidades locais.

Terceiro.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde en funcións para que, na representación do Concello, asine o protocolo de adhesión e cantos outros resulten precisos para a efectividade do acordado.

7.- ORGANIZACIÓN DA ACTIVIDADE “CONCILIA VERÁN 2026” DENTRO DO PROGRAMA CONCILIA RODEIRO

A Concellería-Delegada de Infancia, Igualdade e Transformación Dixital do Concello vai programar unha actividade denominada “*Concilia verán 2026*”, que se desenvolverá nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro. Dita actividade ten como principal obxectivo ofertar un recurso de conciliación dos tempos persoais, familiares e laborais para proxenitores con fillos e fillas con idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos de idade durante o período non lectivo de verán. O programa Concilia Rodeiro está validado pola Secretaría Xeral de Igualdade como unha medida municipal de conciliación a nivel autonómico.

As principais características da actividade a programar serán as seguintes:

- ✓ A nivel organizativo rexeráse polas Bases reguladoras do Servizo de campamentos e conciliación do Concello de Rodeiro.
- ✓ A actividade desenvolverase dende o día 22 de xuño ata o día 4 de setembro (ambos incluídos), de luns a venres, agás días festivos. As datas de comezo e final da actividade correspóndese exactamente co inicio e final do período non lectivo de verán.
- ✓ A actividade diríxese a nenos/as e rapaces/as empadroados/as no Concello de idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos, ambas inclusive.
- ✓ A programación desenvolverase en horario habitual de 08:30 a 14:30 horas nun local de antiga Cámara Agraria de Rodeiro.
- ✓ A inscrición na actividade realizarase mediante a presentación de solicitude e documentación complementaria no rexistro xeral do Concello, xa sexa electronicamente ou presencialmente. Realizarase unha solicitude por cada menor que solicita praza na actividade, indicando especificamente as datas nas que solicita acudir á actividade. Os/as menores xa inscritos/as anteriormente no programa Concilia só terán que aportar a documentación complementaria que non conste no seu expediente.
- ✓ O prazo de solicitude de participación na actividade establécese entre os días 2 e 17 de xuño de 2026 (ambos inclusive). Fóra dese prazo, de quedar prazas libres poderanse inscribir menores ata completar as prazas existentes.
- ✓ Fíxase un máximo de 45 prazas por día de actividade.
- ✓ De existir máis solicitudes que prazas ofertadas o criterio de acceso será o nivel de renda per cápita das unidades familiares solicitantes. Unha vez ordenadas as solicitudes por orde crecente de renda, en caso de empate, terán preferencia as familias monoparentais, unidades familiares con vítimas de violencia de xénero e doutras formas de violencia contra a muller, unidades familiares con persoas con discapacidade, persoas en risco de exclusión social, persoas solicitantes de protección internacional ou con estatuto de refuxiado/a e unidades familiares nas que existan outras responsabilidades relacionadas cos coidados de familiares ou persoas dependentes ao seu cargo.
- ✓ A actividade será gratuíta para os/as inscritos/as.

8.- CONCESIÓN DA SEGUNDA QUENDA DE AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2026

Infórmase aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes que, por acordo deste órgano adoptado na sesión do día 12 de xaneiro do corrente, foi solicitada á Deputación de Pontevedra a cantidade de SETE MIL EUROS (7.000,00 €) para gastos correntes e TRES MIL OITOCENTOS EUROS (3.800,00 €) para investimentos, con destino ás axudas básicas de emerxencia

para persoas maiores de idade empadroadas no Concello que xestionen a súa demanda a través dos servizos sociais comunitarios municipais e que carezan de ingresos suficientes para facer fronte aos gastos polos que se solicita a axuda, ao abeiro das Bases reguladoras para o financiamento e a prestación das axudas básicas de emerxencia nos servizos sociais comunitarios da Deputación Provincial de Pontevedra para o ano 2026, publicadas no BOP núm. 6, correspondente ao día 12 de xaneiro de 2026. Con data 27 de febreiro do corrente a Presidencia da Deputación de Pontevedra outorgou ao Concello as axudas solicitadas (RE núm. 206, do 02/03/26).

Debidamente informados/as de canto antecede, e de conformidade co informe-proposta emitido pola traballadora social do Concello Dona María Lara Hermida Fernández, con data 21/05/26, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Conceder a segunda quenda de axudas básicas de emerxencia da Deputación de Pontevedra a favor das veciñas que deseguido se relacionan e coa tipoloxía, contías e destinos que se especifican:

Gastos correntes

BENEFICIARIA	DNI/NIE/ PASAPORTE	DOMICILIO	IMPORTE AXUDA	DESTINO
████████████████████	██████	Rodeiro – Rodeiro	280,00 €	Uso da vivenda (alugueiro)
████████████████████	██████	Rodeiro – Rodeiro	300,00 €	Uso da vivenda (alugueiro)
██████████	██████	Rodeiro – Rodeiro	750,00 €	Atencións de carácter complementario

Segundo.- Autorizar o anticipo do 100 % das axudas concedidas.

Terceiro.- Os gastos subvencionados deben ser efectuados con anterioridade ao día 31 de decembro de 2026. As beneficiarias deberán presentar as facturas ou xustificantes dos gastos polo importe da subvención concedida no Departamento de Servizos Sociais do Concello ata o día 15 de febreiro de 2027. A non presentación das mesmas dará lugar ao inicio do procedemento de reintegro das axudas outorgadas ao efecto. Asemade, e de non xustificarse a totalidade das cantidades anticipadas, deberá reintegrarse a parte do importe non xustificado.

9.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A. 556,85 €
Por consumos eléctricos do alumeadado e bombeo do S.UR.ND.I-1, s/recibos.
- ANA BELÉN MENOYO GARCÍA 6,72 €
Por subministro de augas para o Concello, s/factura núm. 13526.
- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 764,51 €
Por consumos de telefonía fixa, móbil e datos, s/facturas núm. TA7ME0002732, TA7ME0002733, TA7ME0002734 e TA7ME0002740 (FACe).
- JORGE OJEA MATO 165,23 €
Indemnizacións por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.
- JOSÉ MARÍA NOVO RAMOS 165,23 €
Indemnizacións por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.
- ANA BELÉN RODRÍGUEZ PÉREZ 42,83 €
Indemnización por asistencia a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.
- MARÍA LARA HERMIDA FERNÁNDEZ 42,83 €
Indemnización por asistencia a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minutas.
- FRANCISCO LORENZO EIRIZ 110,16 €
Indemnización por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.

- JOSÉ ANTONIO ARIAS DEZA 110,16 €
Indemnización por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.
 - AIDA SÁNCHEZ EXPÓSITO 300,00 €
Por obradoiro de teatro para os/as nenos/as inscritos/as no programa Concilia, s/factura núm. 26/9 (FACe).
 - JAVIER DABOUZA RODRÍGUEZ 121,00 €
Por traballos de reparación de punto de alumeadado no lugar de Rodeiro, s/factura núm. 108.
 - O RODO, S. COOP. GALEGA 1.071,49 €
Por traballos de reparación e mantemento de vehículos e maquinaria municipal, s/facturas núm. T/2.026/825 e T/2.026/869.
 - O RODO, S. COOP. GALEGA 694,83 €
Por traballos de reparación e mantemento do camión de recollida do lixo, s/factura núm. T/2.026/834.
 - SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A. 6.171,50 €
Por tratamento dos residuos sólidos do Concello no mes de abril de 2026, s/factura núm. 2026/1461 (FACe).
 - CONSULTORÍA Y DISEÑO DE INFRAESTRUCTURAS CIVILES S.L. 2.014,70 €
Honorarios parciais por dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde da obra de “*Pavimentación de camiño municipal en Ourín – Asperelo*”, s/factura núm. 2026/29 (FACe).
- O seguinte gasto impútase á contabilidade extrapresupostaria (fondos ingresados a través de iniciativa de crowdfunding para a repatriación dos restos mortais do veciño Samba Coumba Ndao):**
- CURROLIÑO S.L. 6.521,90 €
Por servizos funerarios para a repatriación dos restos mortais a Senegal, s/factura núm. F/40 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente en funcións dá por rematada a sesión, sendo as catorce horas, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(sinatura dixital)

O alcalde en funcións,
(sinatura dixital)